



MEMORIA XUSTIFICATIVA
CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA
DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN
DE CANS DE SALVAMENTO DE GALICIA EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o órgano encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia segundo o Decreto 177/2016, do 15 de decembro e o Decreto 72/2013, do 25 de abril.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, regulan que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

Antecedentes:

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é conveniente contar en determinados momentos con medios alleos, ademais dos propios, co fin de optimizar recursos e orzamentos, mellorando a planificación e intervención nas emerxencias ordinarias e extraordinarias que poidan darse na nosa comunidade.

A Asociación de Cans de Salvamento de Galicia "CASAGA", conta cun grupo coa capacitación técnica e estrutura organizativa necesarias, adquiridas ao longo destes anos de colaboración coas autoridades de protección civil da nosa comunidade, o que nos permite dispoñer dun recurso necesario para dar unha resposta na busca e rescate de persoas desaparecidas.

Finalidade:

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Asociación de Cans de Salvamento de Galicia "CASAGA" o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a Asociación Cans de





Salvamento de Galicia " CASAGA", para colaborar no financiamento das actuacións de apoio, que esta última pode aportar á acción permanente dos órganos e autoridades con competencia en materia de protección civil, na busca e rescate de persoas, empregando os recursos da propia asociación, fundamentalmente os equipos de busca e rescate de persoas desaparecidas, en determinadas situacións de emerxencia que se orixinen no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Dado que estas funcións especializadas son exercidas por CASAGA de forma exclusiva no territorio da provincia de Coruña, non poden aplicarse os principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido na Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, colaborará no financiamento dos custos que xeren as actividades obxecto do presente convenio, con cargo á aplicación 05.25.212A.640.00 e código de proxecto 2015 00122 dos orzamentos do ano 2017, por un importe de nove mil euros (9.000€).

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o citado instrumento convencional fóra do ámbito de aplicación do texto refundido la Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da citada norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2017

O director xeral de Emerxencias e Interior

Luís Menor Pérez

